

CASTELAO EN "NÓS"

Por VALENTÍN PAZ-ANDRADE

*Em meio ao som da cachoeira
hei-de ouvir-me, a vida inteira
dar teu nome.*

(João Guimarães Rosa¹)

ESPRITO E IMAXE

Se tornamol-os ollos ao tempo galego de fai pouco máis de meio século, teremos de os pousar con agarimo no álbum "Nós", a primeira das obras maiores de Castelao. Falo do tempo socio-cultural, no que había de coallar a segunda xeración de esgrevias figuras, que fixo da Terra paixón da súa vida e bandeira da súa loita.

No álbum "Nós", compre recoñocer o decurso de dúas vidas. A primeira ao longo dos anos vinte, cando as estampas que o compoñen aínda andaban soltas. Con elas o autor orgaizóu unha exposición itinerante pol-as cibdades e vilas galegas. A segunda vida foi adequirida despóis, ao se facer a edición no formato de libro, en folio, con cubertas de pergameo, o ano 1931².

Tanto na primeira como na segunda xeira, o álbum "Nós" foi moito máis que un acontecemento do arte. Foi o redescubrimiento d-un povo co drama do seu vivir ás costas. Foi unha campanada na concencia colectiva, que dende séculos se non mexía e andaba esquecida de sí mesma. Un abalo social, que tiña de vir a soerguer o espírito galego.

Castelao compuxo a obra conxugando o arte co pensamento. A vontade e a mente endexamáis obraron tan a modo artella-

¹ "Ave, Palavra", Livraria José Olympio Editora, Río de Janeiro, 1970.

² "Nós", por Castelao, Hauser y Menet, Madrid, 1931.

das. O artista puxo na tarefa a ilusión de quen traballa coas materias máis achegadas á súa intimidade. De quen fende na propia carne. Non en van andaba a tallar esquemas antolóxicos da súa raza.

De primeiras, no álbum "Nós" atopamos a imaxe anatómica da xente galega. Endexamáis o rascoño fora tan sobrio e tan verdadeiro. As figuras, seu modelado, seu xesto... viñan arrincadas á canteira racial, con tal autenticidade que non poderían interpretar a fisonomía de ningún outro pobo. Arrincóu á humanidade galega os exemplares máis definidos. A persoalidade somática do pobo, endexamáis adequirira no mundo do arte un senso tan verdadeiro.

E, ao mesmo tempo, tan transcendido pol-os estados do espírito. Pol-o sentimento, pol-a rebeldía, pol-a anguria, pol-a sorna... De tal xeito que a obra pudera valorarse tamén coma antolóxica da psicoloxía galega. Ao pé de cada dibuxo, as figuras poñen a súa sentencia. O xesto e a palabra responden á mesma onda de intimidade, que denantes de Castelao ninguén tiña reflexado con verismo tan fresco e sinxelo, con caracterización tan expresiva e xusta, nin con estilización tan ennobrecida.

DOCUMENTO SOCIAL

Todo o movemento da renacementa galega que arrinca dos Precursores e chega aos nosos días, conquiere nas follas do álbum "Nós" unha das primeiras cimas. Por enriba dos valores artísticos, que non se poderían mellorar, a obra constitúe un documento social estrelecente. O home galego, a vida rural e mariñeira da Terra, endexamáis adquirirán unha imaxen tan expresiva, unha representación tan rezumante de autenticidade.

O drama da Terra está alí, dende a primeira á derradeira estampa. Os rasgos de cada figura e a intención con que foi redactado cada pé, responden a un orde de ideas-forza, chamadas a estalar máis cedo ou máis tarde na conciencia da sociedade. Nada hai na obra enteira de neutro nin de banal. O autor carregoun-a de pensamento até nos máis miudos rascoños, sin que padecese nin migalla da súa nobreza estética.

Co álbum "Nós" Castelao veu a compoñer o retábulo de fondo, do movemento espíritoal, que da Galiza fixo seu eixo. Doulle o contido social de que tería de vivir despóis. De que xa vivirá sempre mentras a Terra soporte inxusticias i-esquecimentos.

É ben certo que Galiza non loita agora c-o caciquismo monárquico, as oblatas ou os foros. Mais tamén é verdade que sigue loitando contra a emigración e a marxinação. Entramentras o álbum "Nós" seguirá sendo libro clave d-unha loita por unha Terra liberada de inxusticias e pauliñas.

LIBRO DE CABECEIRA

Por enriba d-outros merecementos, o álbum "Nós" representa algo novo na historia da nosa cultura. Un esforzo xenial de "apreensión artística de material antropolóxico". Adiántase no seu tempo, cal "un conxunto de imaxes e formas que corresponde ao esencial da experiencia enteira d-un grupo humano". (Gilberto Freire)³.

Mais tamén atesoura valores de síntese. Recolle os rasgos do comportamento social do mesmo grupo, de cara a condicións hostís ao seu desenvolvemento. Cada estampa pon ao descuberto algunha raíz da i-alma galega, endexamáis tratada de xeito tan amoroso e penetrante. Cada figura sinte na súa carne a farpa da inxusticia ou da dóor. O drama da emigración endexamáis atopara interpretacións máis fondas.

Dentro da xeira que Castelao percorre —artista e home de pensamento n-unha peza indisociabel—, o "Nós" é tamén unha obra de anticipación. Prefigura outra, a obra de definición ideolóxica que, trinta anos despóis, viría a coallar no "Sempre en Galiza"⁴. Sempre, aínda no exilio, onde o libro nasceu. Aínda na morte, a que o libro sobrevive.

Verdadeiros libros de cabeceira pra un pobo que sinte a obriga de rectificar a historia i-endereitar a súa cativa sorte. Nas páxinas de "Nós" o pesimismo transfórmase en alento pra novas xornadas de loita por unha Terra mellor. Tal como no prólogo deixou dito o seu autor.

³ Gilberto Freire, "Casa Grande e Senzala", Livros do Brasil, Lisboa, 1957.

⁴ Alfonso R. Castelao, "Sempre en Galiza", edición "As Burgas", Buenos Aires, 1944.